

Plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Tabla de contido

Tabla de contido	2
1 Introdución	3
2 Identificación do Edificio/centro	4
3 Principios básicos para a prevención da transmisión.	5
4 Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible.	5
5 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada	6
5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns.	6
5.1.1 Portas	7
5.1.2 Corredores e escaleiras	7
5.1.3 Ascensores	7
5.1.4 Aseos	7
5.1.5 Fontes de auga, máquinas expendedoras e fotocopiadoras.	8
5.2 Espazos de traballo para a actividade docente	8
5.2.1 Aulas	8
5.2.2 Laboratorios e talleres de docencia	8
5.3 Espazos de traballo para a actividade investigadora	9
5.3.1 Laboratorios e talleres de investigación.	9
5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa	10
5.5 Despachos	11
5.6 Aula de Graos e salas de reunións	11
5.7 Salas ou zonas de descanso	12
5.8 Bibliotecas e salas de lectura	12
5.9 Conserxarías	13
5.10 Xestión do correo e da paquetería. Medios de transporte propiedade da universidade	13
5.11 Cafetarías e comedores	14
5.12 Prácticas de campo ou mostraxe (saídas para recollida de mostras)	14
5.13 Congresos, conferencias, encontros	14
5.14 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais	15
5.15 Limpeza e desinfección	15
5.16 Ventilación	15
5.17 Coordinación de actividades empresariais	15
6 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento	16
7 Referencias normativas e bibliográficas	16

1 Introducción

A Universidade de Vigo, atendendo á seguridade sanitaria da Comunidade Universitaria e seguindo as recomendacións do “*Ministerio de Sanidad*”, “*Ministerio de Universidades*” e Consellería de Sanidade e Secretaría Xeral de Universidades, establece un plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 na Universidade de Vigo que ten por obxecto dar a coñecer a información técnica e operativa sobre as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-Cov-2, durante a actividade do vindeiro curso 2020-2021 na Universidade de Vigo.

Deste xeito é preciso establecer uns requisitos mínimos que garantan a calidade da docencia e da investigación na Universidade de Vigo así como definir unha serie de medidas de prevención e control que permitan garantir a seguridade tanto do persoal traballador da Universidade como do alumnado.

As medidas do plan xeral da Universidade intégranse no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Será de aplicación a todo o persoal traballador así como ao alumnado da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Este documento actualizarase en función da información emitida polos organismos competentes.

En función da evolución da pandemia a Universidade de Vigo contempla dous escenarios posibles para o desenvolvemento da actividade no curso 2020-2021:

- Escenario 1: Normalidade adaptada
- Escenario 2: Peché dalgún centro ou confinamento

Escenario 1: Normalidade adaptada

Escenario no que a actividade presencial pode verse diminuída como consecuencia das medidas sanitarias que poden limitar o aforo tanto nas aulas como outros espazos de traballo. Inflúe na organización da actividade docente e na dos distintos servizos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Neste escenario aplícanse as medidas recollidas no punto cinco deste plan.

Escenario 2: Peché de algún centro ou confinamento

Establecerase como consecuencia da aparición de casos de COVID-19 nun centro que poda implicar o peche do mesmo ou porque as autoridades sanitarias impoñen limitacións severas de mobilidade ou medidas de confinamento masivo da poboación como consecuencia dun rebrote da pandemia.

En base á experiencia acumulada da situación vivida no curso 2019-2020, terase previsto:

- O persoal cuxa actividade presencial é esencial para o mantemento da actividade universitaria na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
- A organización do traballo non presencial tanto docente como dos restantes servizos da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

2 Identificación do Edificio/centro

Nome do edificio/centro: Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Enderezo: Campus: As Lagoas Marcosende, Rúa Maxwell

Código Postal: 36310

Persoa encargada dos aspectos relacionados cola COVID-19 no centro: Elena Alonso Prieto (Directora da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía)

Persoal de contacto do uso Sala COVID-19: Persoal de Conserxería

Teléfono de contacto para o uso da Sala COVID-19: 986 811930 (Conserxería)

Ubicación da Sala COVID-19: sala de reunións anexa ao Salón de Graos da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, que se atopa na planta 1 do edificio de ampliación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións.

Os datos do aforo máximo do edificio pódense consultar no Anexo I a este documento (os datos foron proporcionados pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade e corresponden aos aforos que figuran nos Plans de Autoprotección dos centros).

Os datos dos aforos COVID-19 foron calculados en aplicación dos criterios sinalados pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade e están dispoñibles no Anexo I a este documento, con indicación en cada caso da densidade de ocupación resultante. Os criterios empregados foron os seguintes:

- Aulas. O criterio empregado foi identificar postos con separación interpersoal de 1,5 m e garantir unha densidade mínima de 2,5 m²/persoa.
- Laboratorios docentes. O criterio empregado foi calcular o aforo para unha densidade mínima de 1 persoa por cada 2,5 m², criterio facilitado pola Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade.
- Para os laboratorios de investigación nos que hai postos de traballo sen mobilidade o criterio empregado foi identificar postos separados 1,5 e densidade mínima de 5 m²/persoa. Para os laboratorios de investigación que se usan puntualmente como espazo docente, no caso das prácticas nas que non se poda manter a distancia interpersoal atenderanse medidas de seguridade específicas (pantallas protectoras entre outras, de selo caso).
- Para a Aula de graos, Sala de xuntas e Salas de reunións calcúlase o aforo aplicando o criterio de identificar postos separados 1,5 m.
- Vestíbulos. Para os vestíbulos os aforos calcúlanse aplicando o criterio de 50% de ocupación respecto aos aforos máximos.
- Espazos administración e servizos. Os datos proporcionados polo SPRL supoñen densidades de ocupación entre 8 e 15 m² por persoa, polo que se consideran correctos estes datos para os aforos COVID19.
- Comedor. Os datos dos aforos foron proporcionados pola empresa e supoñen unha densidade de ocupación entre 4 e 6 m²/persoa.

3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

En tanto non exista profilaxe ou un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

É imprescindible reforzar as medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición. En particular, destácanse as seguintes medidas:

- Lavarase as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria:
 - No caso de tusir e/ou esberrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizarase a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
 - Evitarase tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
 - Practicarase bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Evitarase o contacto físico nos saúdos. Manterase o distanciamento físico de a lo menos de 1,5 metros.
- O uso de máscara é obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

A obrigatoriedade do uso da máscara non será aplicable nos seguintes casos:

- a) Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso de máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitar a máscara ou ben presenten alteracións de conducta que fagan inviable a súa utilización.
- b) No caso de actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento, exclusivamente durante a realización das ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para a dita instalación.
- c) En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

Nestes casos será necesario adoptar medidas organizativas ou de protección como respectar sempre a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros, usar pantalla facial, etc...

4 Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible.

Tanto o PDI, PAS, alumnado como o persoal de empresas externas afectado pola enfermidade COVID-19 que presente síntomas asociados a esta (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado), que se lles diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido, ou que estea en corentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días, non poderá acudir á Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía e terá que comunicalo á persoa da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía encargadas dos aspectos relacionados ca COVID-19. Colocarase carteis a entrada da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para advertir as persas asistentes que non accedan a este se están na situación descrita anteriormente.

Se durante a actividade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía alguén presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, contactarase co persoal de contacto do uso Sala COVID-19. Acompañaráselle a Sala COVID-19 designada polo centro e, facilitaráselle unha máscara cirúrxica para esa persoa e outra para a persoa que a acompañe e se avisará á familia que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). O persoal de contacto para o uso da Sala COVID informará da circunstancia á persoa da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía encargada dos aspectos relacionados ca COVID-19. No caso de que estea nunha situación de gravidade ou

teña dificultade para respirar avisarase ao 112. Non poderá volver a actividade presencial na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

En cada centro destinarase unha sala para dito fin (Sala COVID-19), que contará cunha ventilación adecuada, máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel ou toallas e un cubo con tapa accionada por un pedal; nos edificios compartidos por varios centros poderán ter unha única sala. No caso das Escolas de Enxeñaría de Telecomunicación e de Enxeñaría de Minas e da Enerxía a sala COVID-19 será a sala de reunións anexa ao Salón de Graos, que se atopa no edificio de ampliación da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación e que conta con espazo ben ventilado e suficiente, baño nas propias dependencias, illado dos demais servizos sanitarios do centro, e acceso directo dende o exterior en fronte da súa porta de acceso, con rampla. Deste xeito, facilitaríase unha posible evacuación de persoas enfermas mediante ambulancia

Seguidamente farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona; o persoal da empresa de limpeza que a realice estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a tarefa.

Os papeis ou toallas utilizados pola persoa con síntomas desbotaranse nun cubo con tapa e apertura con pedal. Unha vez depositados os panos, luvas, etc., extraerase a bolsa de plástico do cubo e introducirase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche depositándose a continuación no contedor coa fracción resto.

Ventilarase dita sala como mínimo durante 4 horas. A ventilación deberá ser tanto forzada como natural se fora posible e deberá comezar alo menos 2 horas antes do inicio das tarefas de desinfección.

Dentro do protocolo de limpeza e desinfección da sala anteriormente citada, despois da atención dunha persoa con síntomas, incluír as reixas de impulsión e retorno de aire, extraer, limpar e desinfectar o filtro da unidade interior se houbera (fancois, split). Limparase e desinfectarase a unidade interior, no caso de existir, pulverizando unha solución desinfectante.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento *“Protocolo de actuación ante a aparición dun caso sospeitoso de COVID-19”* coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros.

O persoal da Universidade que pertenza á poboación vulnerable para COVID-19 seguirá as indicacións do persoal sanitario do Servizo de Prevención da Universidade. Se un/ha alumno/a é vulnerable para COVID-19, seguirá as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto ás medidas de prevención máis adecuadas.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento *“Procedemento de valoración de grupos vulnerables da Universidade de Vigo”* coas indicacións que marca a normativa vixente.

En cada centro a persoa que se encargará dos aspectos relacionados coa COVID-19 será o director/a, decano/a ou persoa/as en que delegue. A identidade de esta ou estas persoas, deberá ser comunicada ao persoal do centro así como ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade.

5 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada

5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns.

Daráselle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 1,5 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.

Ao acceder ao centro e ao saír, laranse as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou no seu defecto utilizarase solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

As entradas e saídas deberan ser ordenadas e coa distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros. De forma xeral manterase dita distancia entre as persoas en todos os espazos dos centros da Universidade de Vigo.

5.1.1 Portas

Respectarase a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes das de saída respectarase para evitar cruces de persoas. Na entrada principal, o acceso farase pola porta da dereita (mirada dende fora do edificio) e a saída pola da esquerda (a dereita dende o interior), respectando o criterio xeral de mobilidade pola dereita en sentido da marcha. O resto das portas serán de entrada e saída, evitando o cruce de persoas co criterio de uso da man dereita, e tendo prioridade as persoas que saen fronte as que entran.

No caso de emerxencia, utilizaranse para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.

Sempre que se poida, manteranse as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

5.1.2 Corredores e escaleiras

Respectarase os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes.

Nos corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos. Se están sinalizados os sentidos seguiranse as indicacións, no caso contrario circularase sempre pola dereita. Nos corredores e escaleiras onde o ancho non permita manter a distancia de seguridade seguiranse as indicacións da sinalización respectando o sentido que ten preferencia.

Non se deben manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito.

Nas bancadas dos corredores, ocuparanse os asentos de maneira que se garanta a separación como mínimo de 1,5 metros. Os asentos que se poden empregar están marcados cun círculo verde.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Estará sinalizado na entrada dos centros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 “Principios básicos para a prevención da transmisión”.

5.1.3 Ascensores

O seu uso limitarase ao mínimo imprescindible e fomentarse o uso das escaleiras. Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas.

Cando sexa necesario utilízaos, a ocupación máxima será do 50% da súa capacidade e será obrigatorio o uso da máscara por parte das persoas ocupantes aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. Nestes casos a persoa que non poida usar a máscara utilizará o ascensor soa.

Para accionar a porta e os botóns do ascensor recoméndase o uso da man non dominante.

5.1.4 Aseos

Evitarase no posible tocar calquera superficie. Lavaranse coidadosamente as mans cada vez que se faga uso dos aseos. A descarga da cisterna farase coa tapa baixada.

Contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa e apertura con pedal.

A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros. A ocupación máxima estará indicada á entrada dos aseos mediante un cartel.

5.1.5 Fontes de auga, máquinas expendedoras e fotocopiadoras.

Os surtidores e fontes de auga anularanse.

Ao remate do uso das máquinas expendedoras e fotocopiadoras, as persoas usuarias limparán as superficies de contacto; para isto utilizarase papel ou toallas que se poidan desbotar e preparacións alcohólicas. Para accionar os botóns destas máquinas recoméndase o uso da man non dominante.

O titular das máquinas expendedoras asegurará o cumprimento das adecuadas medidas de hixiene e desinfección daquelas.

5.2 Espazos de traballo para a actividade docente

5.2.1 Aulas

Garantir que o número de estudantes na aula non supere a capacidade da mesma tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes. Mentres as autoridades competentes non marquen un aforo máximo para as aulas, este non será en ningún caso superior a unha persoa por cada 2,5 metros cadrados. A distancia entre o/a profesor/a e o/a alumno/a máis próximo/a debe ser como mínimo de 2 metros. Os postos que se poden ocupar estarán marcados cun círculo verde.

Cando o número de persoas que se poda incorporar na aula sexa menor ó número de matriculados en base á planificación feita do curso, procederase a resignar a docencia a espazos docentes que teñan o aforo que permita garantir as condicións anteriormente indicadas ou habilitaranse medidas de protección específicas nas aulas, previo informe favorable do SPRL da Universidade. De ser necesario, procederase a reorganizar a docencia, combinando actividades formativas presenciais e actividades formativas non presenciais, garantindo que a actividade presencial nas aulas se axusta ás condicións indicadas nos parágrafo anterior.

Sempre que sexa posible, no correspondente á actividade presencial, estableceranse grupos de persoas pequenos e estables.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o profesorado e alumnado, dentro e fora dos centros aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara na aula en ningún momento.

Dita obrigatorioidade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas das aulas. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatorioidade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc.

A indumentaria bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira.

Ao acceder á aula, lavar as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nas aulas. Farase o mesmo ao rematar a clase. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Estarán dispoñibles na aula, panos ou papeis e desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo “Ministerio de Sanidad” para o alumnado e profesorado que desexe utilíza-los para a desinfección dos seus postos.

Recoméndase que o profesorado ao entrar na aula, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire, mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente e evitando correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recoméndase graduar o acceso e saídas, tanto do edificio como das aulas.

5.2.2 Laboratorios e talleres de docencia

Garantir que o número de estudantes no laboratorio ou taller non supere a capacidade do mesmo tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes, empregando para o cálculo de aforos destes espazos a recomendación da Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade de unha persoa por cada 2,5 m².

Nas prácticas experimentais os grupos de alumnos/as deberán ser homoxéneos e deberán manterse ao longo de todas as prácticas recomendándose que coincidan cos grupos de aula teórica.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o profesorado e alumnado, dentro e fora dos centros aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara no laboratorio ou taller en ningún momento.

Dita obrigatoriedade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas dos laboratorios e talleres. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Nos casos nos que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersoal atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias, en particular uso de pantallas protectoras e/ou luvas entre outras. O uso da máscara é obrigatorio en calquera caso.

Nas prácticas nas que o alumnado permaneza no seu posto sen ter que desprazarse polo laboratorio ou taller, si no se pode garantir a distancia interpersoal de 1,5 m, disporase de pantallas separadoras. En calquera caso o uso da máscara é obrigatorio.

Así mesmo teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. As persoas ás que non se lle aplica a obriga do uso de máscara non poderán compartir equipos nin material salvo se se adoptan medidas organizativas ou de protección como respectar sempre a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros, usar pantalla facial, etc..

Aplicaranse as indicacións dos parágrafos anteriores sen esquecer os equipos de protección persoal (EPIs) necesarios para a realización das prácticas segundo o risco ao que estean expostos.

Terase en conta a compatibilidade dos materiais usados nas prácticas co material do que están feitas as máscaras ou outro material de protección.

Fomentarase a hixiene de mans de forma frecuente e metódica, durante ao menos 40 segundos con auga e xabón como mínimo ao entrar e saír do laboratorio ou taller ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nos mesmos. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

O alumnado cada día ao finalizar as prácticas limpará o seu posto e aqueles equipos e material utilizado, desinfectándoo con panos ou toallas humedecidas con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo “*Ministerio de Sanidad*” que terán dispoñibles no laboratorio ou taller, a continuación lavarase as mans con auga e xabón. O profesorado responsable da práctica programará a limpeza e desinfección do material e equipamento da práctica.

Será obrigación do profesorado incluír no protocolo das prácticas a limpeza das mesmas por parte do alumnado ó finalizar a sesión e ó principio da seguinte práctica.

Ao rematar a práctica incluíndo a limpeza da mesma, porase unha sinal como identificador que poderá ser adhesivo verde, un cartel, etc.. Se o equipo seguinte que vai a traballar en esa práctica non identifica o sinal, deberá limpar o equipo antes de iniciala.

Recoméndase ao profesorado que ao entrar no laboratorio ou taller, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire.

Restrinxíranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recomendase graduar o acceso e saídas, dos laboratorios e talleres.

5.3 Espazos de traballo para a actividade investigadora

5.3.1 Laboratorios e talleres de investigación.

Garantir que o número de investigadores no laboratorio ou taller non supere a capacidade do mesmo tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.

Limitar o aforo máximo permitido mediante sinalización na porta do laboratorio ou taller.

En casos puntuais nos que non se poida garantir a distancia mínima de seguridade, e só en casos puntuais, estableceranse medidas organizativas para que se poida levar a cabo a investigación, tales como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal investigador.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o persoal dentro e fora dos centros aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara no laboratorio ou taller en ningún momento

Dita obrigatoriedade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas dos laboratorios e talleres. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Desinfectar todo o material unha vez finalizado o seu uso. Utilizar desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo “*Ministerio de Sanidad*”. Para os equipos ou o material que non se poden limpar con solucións desinfectantes, utilizar outros métodos de desinfección. Se é posible consultar ao provedor.

Como norma xeral se recomenda o lavado de mans, ao menos unha vez cada hora, antes e despois de poñer as luvas e as máscaras, e á entrada e á saída do laboratorio.

Impedir o acceso ao interior do laboratorio ás persoas alleas ao mesmo.

Informarase claramente as persoas usuarias sobre as medidas organizativas e sobre a súa obrigación de cooperar no seu cumprimento.

Atenderanse as pautas da Universidade de Vigo indicadas no “*Manual de actuación do persoal dos laboratorios de investigación. Volta ao traballo*” (Anexo IV).

5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre os postos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal ou realización de quendas. O uso da máscara será obrigatorio tanto fora como dentro dos centros, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal

Non se excederá o aforo máximo que permita garantir o distanciamento social e establecerase a distancia de seguridade recomendada entre o persoal usuario. Poderá sinalizarse no chan.

Prestaranse os servizos preferentemente por vía telemática mediante solicitudes.

Cando sexa imprescindible a atención presencial por parte das persoas usuarias, atenderanse previa cita e desinfectaranse as superficies nas que tivo contacto, unha vez rematada a consulta.

Evitarase a formación de filas e permanencias prolongadas en espazos pechados.

Na medida do posible reducir o intercambio dos documentos en papel e substituílo por formatos electrónicos

Sempre que sexa posible, organizarase a entrada de persoas por quendas respectando a distancia de seguridade, durante a espera.

A atención ao público farase a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto se gardará a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Evitarase compartir material como bolígrafos, lapis, carpetas. Para isto cada quen terá o seu material diferenciado.

Os servizos contarán con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo “*Ministerio de Sanidad*”, así como solucións alcohólicas e panos ou toallas que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

5.5 Despachos

Impedirse o acceso ás persoas usuarias aos despachos e ás zonas non habilitadas para a súa circulación. Pecharanse ou instalaranse elementos de división. Será obrigatorio o uso da máscara tanto fora como dentro dos centros, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

Recoméndase ventilar frecuentemente o despacho, se é posible, abrindo as ventás. Recoméndase non ter alfombras.

Nos despachos compartidos, respectar a distancia de seguridade de 1,5 metros sempre que non dispoñan de barreiras tales como paneis dunha altura mínima de 2 metros. Será obrigatorio o uso de máscara e os postos que se poden empregar estarán marcados cun círculo verde. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Nos despachos do profesorado, en relación coas titorías, evitase na medida do posible, a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume. Realizar, na medida do posible, a atención ao alumnado, mediante ferramentas informáticas e Internet, evitando a atención directa no despacho. En xeral, o profesorado favorecerá as titorías *online* ou por correo electrónico. De non ser posible, tanto o profesor ou profesora como o estudante, utilizarán máscara e manterán entre eles, se é posible, unha distancia de 1,5 metros.

O persoal que ocupa o despacho facilitará o traballo ao persoal de limpeza ao abandonar o mesmo, despeixándoo o máximo posible.

5.6 Aula de Graos e salas de reunións

As reunións do persoal PDI ou PAS realízanse preferentemente mediante métodos non presenciais sempre que sexa posible no caso de non ser posible, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 2 Principios básicos para a prevención da transmisión. Estas persoas non deben estar de forma presencial na reunión ou acto.

Gardarse a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre os asistentes e sinalizáranse aqueles asentos que se poidan utilizar.

Na entrada da Aula de Graos e salas de reunións sinalízase o aforo máximo COVID-19. Tamén se sinalizará mediante carteis as medidas hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a actividade e velarase polo seu cumprimento.

No caso da Aula de Graos a ocupación non superará o 75% do aforo permitido. Se se utilizara como aula teranse en conta as indicacións do apartado 5.2.1. Aulas

Evitase na medida do posible, o paso de persoas entre filas para respectar a distancia de seguridade.

A entrada e saída farase gradual. A apertura das portas realízase con antelación suficiente para evitar aglomeracións. De existir pausas intermedias, estas deberán ter a duración suficiente para que a saída e a entrada durante o descanso sexa gradual.

Estará prohibido deixar obxectos no salón de actos ao rematar o acto ou na sala despois de cada reunión.

Se é posible deixaranse as portas abertas durante o seu uso.

Deberase garantir a limpeza e desinfección antes e despois da súa utilización así como a ventilación. Ventilarase como mínimo durante uns 15 minutos entre o remate e o comezo de outro acto ou reunión.

Contarán con solucións alcohólicas.

5.7 Salas ou zonas de descanso

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre os asistentes e sinalizaranse aqueles asentos que se poidan utilizar.

Non se poderá comer ou beber nestes espazos, nin compartir comidas, bebidas, vasos, botellas ou cubertos.

Estará prohibido deixar obxectos enriba das mesas.

Lavaranse as mans ao chegar e ao saír ou no seu defecto utilizaranse solucións alcohólicas.

Cada usuario será responsable de limpar cada posto antes e despois de cada uso.

Deberase garantir a limpeza e desinfección así como a ventilación. Manter as portas abertas e ventilar a sala como mínimo durante 15 minutos.

Contarán con solucións alcohólicas para a desinfección das mans, con limpadores e desinfectantes de superficies e con panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

5.8 Bibliotecas e salas de lectura

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal.

A ocupación das salas non superará o setenta e cinco por cento da súa capacidade ou aforo máximo permitido. Indicalo aforo na entrada e sinalizar aqueles asentos que non se poidan utilizar.

Impedirse o acceso ás persoas usuarias ás zonas non habilitadas para a súa circulación. Pecharanse ou instalaranse elementos de división.

A atención ao público realizarase a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardar a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros; esta distancia deberá estar marcada no chan. Ditas pantallas ou barreiras cubrirán ata 2 metros dende o chan. Para os usuarios será obrigatorio o uso de máscaras sen válvula de exhalación.

Sempre que sexa posible, organizarase a entrada de persoas por quendas respectando a distancia de seguridade, durante a espera.

Nas zonas de acceso e nos puntos de contacto co público colocaranse dispensadores de solucións alcohólicas ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo “Ministerio de Sanidad”.

Os servizos de emprésto realizaranse preferentemente por vía telemática mediante solicitudes. Estudarase a posibilidade de habilitar formularios online para a petición dos fondos da biblioteca, de forma que cando as persoas usuarias teñan que acceder ás instalacións, dito pedido estea preparado para que só teñan que recollelo no mostrador de préstamo.

Despois de cada préstamo ou devolución desinfectarase o mostrador.

Estableceranse protocolos de recollida de material devolto. Recoméndase colocar caixas ou outro sistema para a recollida dos fondos da biblioteca así a persoa usuaria depositará os libros nelas evitando o contacto directo entre os libros e o persoal da biblioteca.

O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarse en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores. Estableceranse protocolos de envío e recepción de documentos para garantir que pasaron a corentena.

Nos postos de lectura garantirase a distancia de 1,5 metros, sinalizaranse os postos habilitados. En ningún caso colocarse a persoa usuaria fronte a outra.

Cando a persoa usuaria abandone o posto de lectura, este se limpara e desinfectará. Estableceranse sistemas que aseguren que os postos que se van utilizar estean limpos e desinfectados para o seguinte usuario/a, para isto poderán utilizarse sistemas como notas, adhesivos de cores diferentes, etc..

Colocaranse carteis informativos sobre as medidas hixiénicas e sanitarias para o correcto uso dos servizos bibliotecarios.

No relativo á biblioteca aplicarase o disposto nas instrucións específicas para estes espazos.

5.9 Conserxarías

No interior da conserxaría, entre os/as compañeiros/as, respectarase a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.

A atención ao persoa usuaria farase sempre a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardando a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Impedirase o acceso ás persoas usuarias ao interior da conserxaría

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Habilitarase unha caixa para que as persoas usuarias depositen o material prestado evitando así o contacto físico. Desinfectarase todo o material antes do seu almacenamento. O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarse en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores.

5.10 Xestión do correo e da paquetería. Medios de transporte propiedade da universidade

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio dentro e fora dos centros aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Tanto na recepción como no reparto do correo e paquetería utilizaranse luvas que se desbotarán unha vez termine a manipulación sempre que non sexan reutilizables; neste caso ao rematar desinfectaranse e se lavan as mans con auga e xabón durante ao menos 40 segundos.

Organizarase co persoal de conserxería o lugar onde se depositará o correo e a paquetería evitando así, no posible, o contacto con outras persoas.

Na utilización dos medios de transporte da Universidade tanto pola parte do persoal da Unidade de Transporte e Distribución como das persoas responsables en réxime de préstamo, seguiranse as seguintes indicacións:

- Será de uso obrigatorio a máscara para as persoas usuarias e para o/a condutor/a. Estará sinalizado no vehículo. Nos vehículos disporase dalgunha máscara por se algunha persoa usuaria se presentara sen ela.
- Antes e despois da súa utilización, desinfectaranse aquelas superficies coas que o persoal puidera entrar en contacto, como os asentos, os pomos das portas, o volante, a panca do cambio de marchas, etc.. Realizarase con frecuencia unha limpeza polo exterior dos vehículos.
- No interior, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Tanto nos autobuses como nos vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.
- Nas embarcacións limitarase o número de persoas usuarias (persoal investigador/persoal técnico) de forma que se poida garantir a distancia de seguridade. Será obrigatorio o uso de máscara.

- De ser posible, nos medios de transporte, disporase de dispensadores de solución alcohólica para a desinfección das mans, de limpadores e desinfectantes de superficies e de panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.
- O condutor velará polo cumprimento das normas.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos, como mínimo durante 40 segundos, ou no seu defecto utilizar solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

5.11 Cafetaría e comedores

O/a titular da cafetaría do centro realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación para estes locais. Deberá entregar unha copia ao responsable do centro que o incluírá no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Guía de Actuacións dos titulares e persoal das cafeterías e comedores situados nos centros da Universidade de Vigo” coas indicacións normativas que deberán cumprir ditos locais (inclúese como Anexo II a este documento)

5.12 Prácticas de campo ou mostraxe (saídas para recollida de mostras)

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Utilizaranse máscaras sen válvula xa que nas máscaras con válvula o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Se foxe necesario compartir material, este desinfectarase ao rematar o seu uso.

É necesario dispoñer de solucións alcohólicas e panos o toallas que se poidan desbotar.

En canto á utilización de autobuses ou de vehículos de ata nove prazas, tanto da Universidade como de empresas externas para a realización das prácticas de campo, respectárense as instrucións do condutor así como as seguintes indicacións:

- Uso obrigatorio de máscara para as persoas usuarias e para o condutor. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.
- No interior dos vehículos, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos, etc.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos.

5.13 Congresos, conferencias, encontros

A celebración de congresos, encontros, conferencias e eventos, no ámbito da investigación científica e técnica, o desenvolvemento e a innovación, realizaranse segundo a lexislación vixente.

Permitirase a realización de congresos, conferencias, encontros e actos similares sen superar o setenta e cinco por cento do aforo permitido do lugar da celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre. En todo momento deberá cumprirse a obrigación da distancia esixida de 1,5 metros, deberá fomentarse a participación non presencial de aqueles que poidan prestar a súa actividade a distancia.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal durante a súa celebración ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal indicada. Non obstante, as persoas oradoras,

relatorias e similares poderán quitar a máscara no momento da súa intervención sempre que manteñan a distancia de seguridade interpersoal

5.14 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais

Durante a realización de prácticas académicas externas seguiranse as medidas de prevención establecidas polas entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas.

Os intercambios internacionais realizaranse segundo a lexislación vixente.

5.15 Limpeza e desinfección

A empresa adxudicataria da limpeza do centro realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación. Deberá entregar unha copia ao responsable do centro que o incluírá no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Protocolo de limpeza nos centros da Universidade de Vigo” coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros en cuanto á limpeza e desinfección dos mesmos. Dito protocolo tomarase como referencia pola empresa adxudicataria da limpeza do centro.

Reforzase a limpeza e desinfección dos centros en función das características e usos dos mesmos.

Empregaranse sempre procedementos e produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono. Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies.

Inclúese como Anexo III a este documento o “Protocolo de Limpeza do edificio”

5.16 Ventilación

Realizarase de forma natural mediante a apertura de portas e fiestras a lo menos 15 minutos sempre que sexa posible, varias veces ao día, ao iniciarse e ao finalizar a actividade do centro, mesmo aínda que haxa ventilación mecánica. Naqueles espazos de traballo nos que non existan fiestras procurárase manter a porta aberta. Demostrouse co risco de contaxio por vía aérea no interior dos edificios é máis elevado cando existe pouca ventilación.

Unha mellora na ventilación fará un edificio mais seguro aínda que podería non alcanzar as condicións óptimas de confort ademais de aumentar o consumo enerxético.

En interiores asegurar unha humidade relativa entre 30% e 70% en interiores.

Evitar a recirculación do aire e reforzar a limpeza dos filtros de aire. No caso de ter sistemas de climatización evitárase na medida do posible a recirculación do aire nas UTAs. Traballarase co 100% de aire exterior.

Cando sexa posible, os sistemas descentralizados como as unidades de fan-coil ou os pequenos equipos autónomos que utilizan a recirculación local, deberan apagarse para evitar a propagación do virus que estivera en partículas en suspensión. Este tipo de unidades, xeralmente, teñen filtros grosos que no reteñen partículas con carga viral.

5.17 Coordinación de actividades empresariais

Asegurarase o intercambio de información coas empresas da distancia de seguridade e dos procedementos de hixiene e prevención necesarios para evitar o risco de contaxio.

Na biblioteca da aplicación E-Coordina atopase o “Protocolo de seguridade fronte ao COVID-19. Orientacións preventivas: Persoal de empresas externas alleas á Universidade de Vigo”.

6 Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Seguiranse as indicacións que no seu momento marquen os organismos competentes.

7 Referencias normativas e bibliográficas

- “*Buenas prácticas en los centros de trabajo. Medidas para la prevención de contagios del COVID-19*”. “Ministerio de Sanidad”.
- Real decreto-lei 21/2020 do 9 de xuño de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.
- “*Recomendaciones del Ministerio de Universidades a la comunidad universitaria para adaptar el curso universitario 2020/2021 a una presencialidad adaptada*”, 10 de xuño de 2020.
- RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e as súas modificacións.
- “*Recomendaciones de operación y mantenimiento de los sistemas de climatización y ventilación de edificios y locales para la prevención de la propagación del SARS-Cov-2*”. Coordinada polo “Ministerio de Sanidad”, o “Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico” e o “Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía”. 22 de xullo de 2020.
- Resolución de 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 25 de xuño de 2020, polo que introdúcese determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Guía de recomendacións para unha universidade segura. Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Instrucións do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021.
- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus. Xunta de Galicia, 2 de xullo de 2020.
- “*Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2*”, de 6 de xullo de 2020”.
- Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Anexo I. Datos dos aforos máximos e aforos COVID-19 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Orde	Módulo	Planta	Dependencia	Uso	Aforo máx. (persoas)	Aforo COVID-19 (persoas)	Densidade ocupación COVID-19 (m ² /pers.)
1	Servizos Comúns	-1	Vestíbulo F	Pública concorrencia	212	106	4
2			Conserxaría	Administrativo	2	2	8
3			Almacén	Ocasional			NULA
4			Vestíbulo dirección	Administrativo	12	6	4
5			Despacho dirección	Administrativo	4	4	9
6			Despacho RRII	Administrativo	1	2	7
7			Despacho Técnico Informático	Administrativo	1	1	14
8			Despacho Negociado	Administrativo	3	3	9
9			Sala de Xuntas	Administrativo	25	13	4
10			Aseo Feminino	Ocasional	5	2	8
11			Aseo Masculino	Ocasional	6	2	8
12			Aseo adaptado	Ocasional	1	1	4
13			Cuarto Limpeza	Ocasional			NULA
14			Comedor	Pública concorrencia	413	111	6
15			Dotación cociña		4	4	11
16			Dotación cociña		2	2	11
17			Sala caldeiras	Ocasional			NULA
18			Sala SAI	Ocasional			NULA
19			Sala Grupo Presión	Ocasional			NULA
20			Sala Grupo Electróxeno	Ocasional			NULA
21			Sala Transformador	Ocasional			NULA
22			Sala Cadros Baixa Tensión	Ocasional			NULA
23			Sala Climatizador Cociña	Ocasional			NULA
24	Servizos Comúns	0	Vestíbulo F	Pública concorrencia	89	44	4
25			Aseo feminino	Ocasional	4	2	5
26			Aseo adaptado	Ocasional	1	1	4
27			Aseo masculino	Ocasional	4	2	5
28			Asuntos económicos	Administrativo	6	6	10
29			Despacho	Administrativo	1	1	15
30			Secretaría alumnado	Administrativo	31	31	10
31			Despacho	Administrativo	1	1	15
32			Despacho	Administrativo	1	1	15
33			Comedor	Pública concorrencia	79	34	4
34			Sala traballo alumnado	Pública concorrencia	8	14	4
35	Servizos comúns	1	Vestíbulo F	Pública concorrencia	78	39	4
36			Aseo feminino	Alternativo	4	2	5
37			Aseo adaptado	Alternativo	1	1	4
38			Aseo masculino	Alternativo	4	2	5
39			Sala RACK	Ocasional			NULA
40			Aula 0 Informática	Docente	10	15	3
41	Servizos comúns	2	Vestíbulo F	Pública concorrencia	75	37	4
42			Aseo feminino	Alternativo	4	2	5
43			Aseo adaptado	Alternativo	1	1	4
44			Aseo masculino	Alternativo	4	2	5
45			Delegación de Alumnos	Docente	23	12	9
46	Biblioteca	-3	Almacén biblioteca	Ocasional			NULA
47			Almacén xeral	Ocasional			NULA
48		-2	Sala lectura	Docente	127	44	6
49			Sala grupo 1	Docente	5		Pechado
50			Sala grupo 2	Docente	5		Pechado
51			Sala grupo 3	Docente	5		Pechado
52			Sala grupo 4	Docente	5		Pechado

53			Sala grupo 5	Docente	5		Pechado
54		-1	Sala lectura	Docente	126	38	7
55		0	Sala lectura	Docente	156	52	6
56			Zona archivo	Docente	16	16	10
57			Posto bibliotecario	Administrativo	2	2	10
58	Aulas Minas	1	Aula M-101 informática	Docente	15	14	5
59			Aula grao	Docente	51	10	8
60			Aula M-103	Docente	51	11	7
61			Aula M-104	Docente	51	11	7
62			Aula M-105	Docente	51	12	6
63			Aula M-106	Docente	69	20	5
64			Aula M-107	Docente	69	20	5
65			Aula M-108	Docente	69	20	5
70	Aulas Minas	2	Aula M-209	Docente	97	36	4
71			Aula M-210	Docente	97	36	4
72			Aula M-211	Docente	97	30	5
73			Aula M-212	Docente	96	30	5
74			Aula M-213	Docente	97	30	5
75			Sala técnica	Ocasional			NULA
80	Vestíbulo J	0	Cuarto limpeza	Ocasional			NULA
81			Vestíbulo	Pública concorrencia	56	28	4
82	Vestíbulo J	1	Vestíbulo	Pública concorrencia	60	30	4
83			Aseo feminino	Alternativo	5	2	7
84			Aseo adaptado	Alternativo	1	1	4
85			Aseo masculino	Alternativo	6	2	8
86			Cuarto limpeza	Ocasional			NULA
87	Vestíbulo J	2	Vestíbulo	Pública concorrencia	53	26	4
88			Aseo feminino	Alternativo	6	2	9
89			Aseo adaptado	Alternativo	1	1	4
90			Aseo masculino	Alternativo	6	3	6
91			Cuarto limpeza	Ocasional			NULA
92	Despachos Minas	0	Despacho compartido	Docente	8	4	9
93			Despacho 1	Docente	3	2	15
94			Despacho 2	Docente	2	2	9
95			Despacho 3	Docente	2	2	9
96			Despacho 4	Docente	2	2	9
97			Despacho 5	Docente	2	2	9
98			Despacho 6	Docente	2	2	9
99			Despacho 7	Docente	1	1	13
100			Despacho 8	Docente	1	1	12
101			Despacho 9	Docente	1	1	12
102			Despacho 10	Docente	1	1	12
103			Despacho 11	Docente	1	1	12
104			Despacho 12	Docente	1	1	12
105			Despacho 13	Docente	1	1	12
106			Despacho 14	Docente	1	1	12
107			Aseo masculino*	Alternativo	1	1	3
108			Aseo feminino*	Alternativo	1	1	3
109	Despachos Minas	1	Sala videoconferencia e Rack	Docente	9	8	5
110			Despacho 15	Docente	1	1	12
111			Despacho 16	Docente	1	1	12
112			Despacho 17	Docente	1	1	12
113			Despacho 18	Docente	1	1	12
114			Despacho 19	Docente	1	1	12
115			Despacho 20	Docente	1	1	12
116			Despacho 21	Docente	1	1	12
117			Despacho 22	Docente	1	1	12
118			Despacho 23	Docente	1	1	12

119			Despacho 24	Docente	1	1	13
120			Despacho 25	Docente	1	1	12
121			Despacho 26	Docente	1	1	12
122			Despacho 27	Docente	1	1	12
123			Despacho 28	Docente	1	1	12
124			Despacho 29	Docente	1	1	12
125			Despacho 30	Docente	1	1	12
126			Despacho 31	Docente	1	1	12
127			Aseo masculino*	Alternativo	1	1	3
128			Aseo feminino*	Alternativo	1	1	3
129	Laboratorios Minas	1	Cuarto limpeza	Ocasional			NULA
130			Aseo masculino	Alternativo	4	1	11
131			Aseo feminino	Alternativo	4	1	11
132			Laboratorio 101	Docente/Inv	17	17	5
133			Laboratorio 102	Investigación	20	5	20
134			Laboratorio 103	Docente	20	20	5
135			Laboratorio 104	Investigación	8	5	8
136			Almacén	Ocasional			NULA
137			Almacén	Ocasional			NULA
138			Sala Rack	Ocasional			NULA
139			Laboratorio 105	Investigación	8	5	8
140			Laboratorio 106	Docente/Inv	11	8	7
141			Laboratorio 107	Investigación	23	8	14
142			Laboratorio 108	Investigación/Doc	23	18	7
143			Laboratorio 109	Investigación	23	11	10
144			Laboratorio 110	Docente/Inv	23	16	7
145			Laboratorio 111	Investigación	20	18	6
146	Laboratorios Minas	2	Cuarto limpeza	Ocasional			NULA
147			Aseo masculino	Alternativo	4	1	11
148			Aseo feminino	Alternativo	4	1	11
149			Laboratorio 212	Docente	17	30	3
150			Laboratorio 213	Docente	17	29	3
151			Laboratorio 214	Docencia/inv	17	12	7
152			Laboratorio 215	Docencia/inv	20	16	6
153			Laboratorio 216	Investigación	20	6	17
154			Laboratorio 217	Investigación	8	4	10
155			Almacén	Ocasional			NULA
156			Almacén	Ocasional			NULA
157			Laboratorio 218	Investigación	8	4	10
158			Almacén	Ocasional			NULA
159			Laboratorio 219	Docente	23	20	6
160			Laboratorio 220	Investigación	23	10	12
161			Laboratorio 221	Docente	23	12	10
162			Laboratorio 222	Investigación	20	10	10

Nota 1 Os aforos dos espazos docentes non contabilizan o posto do profesorado

* Trátase de aseos independentes

Espazos que teñen habilitado código QR

ANEXO II
GUÍA DE ACTUACIÓNS DAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS
E PERSOAL DAS CAFETARÍAS E COMEDORES SITUADOS
NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

INTRODUCCIÓN

Seguindo a información e as recomendacións da autoridade sanitaria, elabórase este documento para as cafeterías e comedores ante a COVID-19. Recolle as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS CoV-2 que se deberán aplicar para garantir a saúde no ámbito laboral das persoas traballadoras e a saúde das persoas que acoden ao local. Actualizarse en función das novas indicacións da autoridade sanitaria.

Será de aplicación as empresas adxudicatarias e persoal das cafeterías e comedores situados nos centros da Universidade de Vigo así como ás persoas usuarias.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN

En tanto non exista un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

O persoal deberá ser informado das medidas implantadas, así como das recomendacións hixiénicas para reducir o risco de contaxio, en particular:

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante uns 40 segundos
- Utilizar preparacións alcohólicas para a desinfección das mans.
- Evitar tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
- No caso de tusir e/ou esbirrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evitar o contacto físico nos saúdos.

MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA A EMPRESA ADXUDICATARIA DO ESTABLECEMENTO

Antes do comezo da actividade

- Realizar un protocolo de actuación para minimizar as posibilidades de contaxio durante a estancia no cafetería ou comedor, con indicacións específicas no caso de aparecer síntomas (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, etc.).
- Identificar o persoal traballador especialmente sensible á COVID-19 (O Ministerio de Sanidad define como grupos vulnerables para COVID-19 as persoas con enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro na fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos), para adoptar as medidas específicas para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.
- Actualizar o plan de limpeza e desinfección ao contexto COVID-19. Incluirá como mínimo:
 - O procedemento de limpeza e desinfección das diferentes zonas (cocina, barra, comedor, zona de recepción de mercadorías, etc).
 - O procedemento de limpeza e desinfección específica no caso da detección de persoas con sintomatoloxía específica da COVID-19 no establecemento.
- Realizar, previa á apertura inicial do establecemento, unha limpeza e desinfección a fondo utilizando desinfectantes, como dilucións de lixivia (1:50) preparados no momento ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.
- Revisar os sistemas de climatización e ventilación do local, garantindo unha alta taxa de renovación de aire e incrementando a limpeza ou cambio dos filtros.

Para garantir a distancia de seguridade

- Respetar a capacidade máxima que indique a autoridade sanitaria en cada momento.
 - Para consumo no local non se pode superar o 75% do seu aforo. Poderá realizarse en barra o sentado en mesa ou agrupacións de mesas, sempre que se garanta a distancia de seguridade de 1,5 metros entre clientes ou, no seu caso, grupos de clientes situados na barra ou entre as mesas ou agrupacións de mesas.
 - Para consumo nas terrazas ao aire libre limitárase o aforo ao 80% das mesas permitidas o ano inmediatamente anterior.
 - A ocupación máxima será de vinte cinco persoas por mesa ou agrupación de mesas.
- Garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros entre as persoas (clientes, mesas, zonas de servizo, traballadores etc.)
- Colocar carteis e sinais no local informando a clientela do aforo máximo do local, da distancia de seguridade e circulacións para previr o contaxio.
- Establecer sistemas que permitan o recento e control do aforo, de forma que non sexa superado en ningún momento, e que deberá incluír aos propios traballadores.
- Planificar as tarefas e procesos de traballo de tal forma que se garanta a distancia de seguridade, a disposición dos postos de traballo, a organización da circulación de persoas e a distribución de espazos (mesas, mobiliario, corredores etc.).
- Establecer no local un itinerario para evitar aglomeracións en determinadas zonas e prever o contacto entre clientes. Preferiblemente, sempre que un local dispoña de dúas ou máis portas, poderase establecer un uso diferenciado para a entrada e a saída.
- A distancia interpersoal na atención ao público será de 1,5 metros. De non ser posible e, en todo caso, garantindo a distancia de 1 metro, utilizaranse elementos de protección como máscaras, pantallas faciais ou pantallas de separación de metacrilato ou similares, de fácil limpeza e desinfección.

MEDIDAS HIXIENICAS

Hixiene e limpeza na cafetaría ou comedor

- Contar con solucións desinfectantes con actividade virucida para uso da clientela, autorizadas e rexistradas polo Ministerio de Sanidade, á entrada do local que deberán estar sempre en condicións de uso.
- Dispor de papeleiras con tapa accionada por un pedal e bolsa substituíble, nas que poder depositar panos e calquera outro material que se poida desbotar en varios puntos do local.
- Dispor de produtos para a limpeza e desinfección (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade, seguindo sempre as recomendacións do fabricante).
- Proporcionar roupa de traballo ou uniformes axeitados e medios de protección persoal (máscaras, luvas que se poidan desbotar, pantallas faciais) cando estea indicado pola autoridade sanitaria.
- Limpar e desinfectar o local e as superficies que se tocan con máis frecuencia (barras, pomos de portas, manivelas, tiradores, etc. Proceder á limpeza e desinfección do local polo menos unha vez ao día.
- Desinfectar os elementos do posto de traballo co cambio de quenda. Os deterxentes habituais son suficientes, aínda que tamén se pode contemplar a incorporación de lixivia ou outros produtos desinfectantes ás rutinas de limpeza. Facelo como mínimo dúas veces ao día e unha delas ao final da xornada.
- Manter hixienizadas en todo momento as baetas e estropallos e cambialas periodicamente. Débese evitar o uso de trapos utilizando en todo caso papel dun só uso ou baetas que se poidan desbotar. Os rolos de papel dun só uso deben estar colocados no correspondente porta-rolos.
- Limpar as papeleiras de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día.

- Garantir que o proceso de desinfección da vaixela e cubertos é realizado a temperaturas superiores a 60°C utilizar lavalouzas.
- Limpar e desinfectar os utensilios (pinzas, paletas de máquinas de xeo, culleres de xeados etc.).
- Ventilar frecuentemente o local, asegurar a renovación do aire e o mantemento dos sistemas de ventilación ou climatización.
- Lavar a roupa de mesa de forma mecánica en ciclos de lavado entre 60°C. e 90°C.
- O uniforme só se debe utilizar durante a xornada laboral. A empresa debe determinar, en función do tipo de uniforme, o tipo e frecuencia da limpeza a aplicar (lavado a >60°C ou desinfección).
- O persoal cambiará de roupa e calzado ao chegar ao traballo e ao finalizar a quenda antes de saír do local. Deixará os obxectos persoais, incluídos móbiles, nun lugar dedicado para o efecto, de non ser así, desinfectalos frecuentemente.
- Non compartir equipos de traballo ou dispositivos doutros (como caixa, TPV, cartas e menús, control de climatización, datáfono, etc.), de non ser posible, desinfectalos tras cada uso.

Hixiene na prestación do servizo

- Utilizar máscaras no momento no que os alimentos están listos para o consumo, é dicir, empratado e servizo en mesa ou barra.
- Evitar a utilización de cartas de uso común e optar por dispositivos electrónicos propios, encerados, carteis ou outros medios similares.
- Priorizar a utilización de roupa de mesa dun só uso. No caso de que isto non fose posible, nunca utilizar a mesma roupa de mesa ou salva manteis con distintos clientes. Optar por materiais e solucións que faciliten o seu cambio entre servizos e o seu lavado mecánico en ciclos de lavado entre 60°C e 90°C.
- Asegurar a limpeza e desinfección do equipamento da terraza, en particular mesas, cadeiras, así como calquera outra superficie de contacto, entre un cliente e outro.
- Almacenar os elementos auxiliares do servizo (vaixela, cristalería, cubertos, roupa de mesa, cestas de pan, cuncas de café, terróns de azucre, etc.) en recintos pechados ou lonxe de zonas de paso.
- Retirar das mesas calquera elemento decorativo.
- Eliminar produtos de autoservizo como servilleteiros, palilleiros, vinagreiras, aceiteiras, e outros útiles similares e priorizaranse monodoses que se poidan desbotar.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Instar aos clientes a desinfectar as mans antes de entrar na cafetería ou no comedor.
- A empresa adxudicataria deberá establecer as medidas necesarias para que se manteña a distancia de seguridade interpersoal así como a utilización da máscara, tanto no interior do local como na terraza. O uso da máscara será obrigatorio, por parte das persoas usuarias, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Só se poderá quitar a máscara no momento específico do consumo.
- Colocar carteis en zonas visibles da cafetería ou comedor que advirtan a clientela sobre as medidas e sobre a súa obriga de cooperar no seu cumprimento.
- Fomentar o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, e evitar, na medida do posible, o uso de diñeiro en efectivo.
- Establecer pautas de seguridade para a recollida da mercadoría.
- A ser posible, habilitar un espazo con roupeiros ou, polo menos, porta traxes ou similar (bolsa de plástico etc.) no que os empregados deixen a súa roupa e se poidan cambiar.

Comida para levar

- O establecemento debe contar cun espazo habilitado e sinalizado para a recollida dos pedidos (mesa, mostrador etc.) no que se realizará a entrega e pagamento, se é o caso.
- Débese garantir a distancia de seguridade, recoméndase sinalizar con marcas visibles no chan ou similares ou ben instalar pantallas protectoras, metacrilatos ou similares.

Servizo en barra

- No servizo en barra o camareiro deberá levar máscara e, no caso de que non exista anteparo, utilizará unha pantalla facial.
- Deberán establecerse as posicións nas que a clientela se pode colocar na barra, de forma que se eviten aglomeracións e se garanta a distancia de seguridade.
- Os produtos expostos na barra, deberán estar protexidos mediante vitrinas ou pantallas cara ao cliente e cara ao empregado.
- Na recollida de pedido no mostrador organizar a espera e evitar a aglomeración e cruces de clientes. Sinalizar a distancia de seguridade no chan e colocar paneis / carteis do procedemento de recollida. Dispor de dispensadores con desinfectante nestas zonas.

Servizo en sala

- Respetar a capacidade que indique a autoridade sanitaria en cada momento.
- Os/as camareiros/as que realicen o servizo deben desinfectar de forma continua as mans, evitar contacto físico, compartir obxectos etc.
- Os/as camareiro/as deberá levar máscara e será moi recomendable a utilización conxunta cunha pantalla facial.

Servizo en terraza

- Respetar a capacidade que indique a autoridade sanitaria en cada momento.
- O persoal controlará que o cliente non faga un uso arbitrario do equipamento en terraza (mesas e cadeiras).
- Colocar carteis informando o cliente das pautas de hixiene e desinfección para que as coñeza e respecte. Débese indicar que o cliente non pode ocupar unha mesa sen que o persoal do establecemento o acomode.
- Acoutaranse as terrazas (cordóns, cintas, marcas no chan ou outros elementos).

Servizo bufete

- Establecer un itinerario predefinido para evitar aglomeracións en determinadas zonas e previr o contacto entre clientes.
- Poderanse ofrecer produtos de libre servizo, xa sexan frescos ou elaborados con anticipación sempre que sexa asistido con pantalla de protección, a través de empratados individuais e/ou monodose, tapados debidamente e preservados do contacto co ambiente.
- Eliminar os elementos e equipamentos de uso común (vinagreiras, saleiros, aceiteiras, máquinas de bebidas, azucreiros etc.) e calquera elemento decorativo.

ANEXO III

**GUIA DA ACTUACIÓN DAS EMPRESAS ADXUDICATARIAS E
PERSOAL DE LIMPEZA NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE
DE VIGO**

INTRODUCCIÓN

Seguindo a información e as recomendacións das autoridades sanitarias, realízase este documento para a limpeza nas instalacións da Universidade de Vigo ante a COVID-19, que recolle as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS CoV-2 que se deberán aplicar para garantir a saúde no ámbito laboral das persoas traballadoras e a saúde das persoas que acoden aos centros da Universidade de Vigo. Este documento actualizarase en función das novas indicacións das autoridades sanitarias.

Será de aplicación ao persoal de limpeza que presta os seus servizos nos distintos centros da Universidade de Vigo.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN

En tanto non exista un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

É imprescindible **reforzar as medidas de hixiene persoal** en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición. En particular, destácanse as seguintes medidas:

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria:
 - No caso de tusir e/ou esbirrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
 - Evitar tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
 - Practicar bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Evitar o contacto físico nos saúdos. Manter distanciamento físico de 1,5 metros.
- Usar máscara en todo momento. O seu uso será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.


MEDIDAS DE ACTUACIÓN PARA O PERSOAL QUE PRESENTA SÍNTOMAS

- Se presentas calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado) que puidera estar asociada coa enfermidade COVID-19, ou estás en illamento ou corentena, non deberás acudir ao traballo. Será responsabilidade do persoal da empresa de limpeza a vixilancia pasiva do seu estado de saúde.
- Se durante a realización do seu traballo na Universidade de Vigo alguén presenta síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, abandonará a súa actividade, avisará ao seu xefe directo quen llo comunicará á persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 do Centro. O traballador/a en canto sexa posible abandonará o Centro e contactará co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (900400116). Se non pode abandonar o centro de forma inmediata, trasladarase á sala do edificio destinada para tal fin (sala COVID) e seguirase o establecido no apartado 5.1 do “Protocolo de actuación ante posibles casos de COVID-19 na Universidade de Vigo”. No caso de que estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar avisarase ao 112.

MEDIDAS XERAIS

- Cumpre con todas as medidas de prevención que se te indiquen.
- Evita, na medida do posible, utilizar equipos e dispositivos doutros traballadores/as. No caso de que sexa necesario, aumenta as medidas de precaución e, se podes, desinfectaos antes de usalos. Se non é posible, lava as mans inmediatamente despois de usalos.
- Ao acceder ao centro de traballo, lava as mans con auga e xabón durante 40-60 segundos seguindo as indicacións do anexo I. Fai o mesmo ao rematar o traballo.
- Respecta a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes das de saída respéctaa para evitar cruces de persoas.

- No caso de emerxencia, utiliza para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.
- Sempre que se poida, mantén as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.
- Respecta os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes:
 - Se están sinalizados os sentidos segue as indicacións, en caso contrario circula sempre pola dereita.



- Se non hai vías alternativas para o mesmo percorrido, segue a sinalización respectando o sentido que ten preferencia.



- Non manteñas conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito para evitar aglomeracións.
- Utiliza o ascensor só cando transportes cargas. Procura utilizar as escaleiras sempre que sexa posible.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- As tarefas de limpeza e desinfección deberán planificarse para que o persoal de limpeza poida manter a distancia interpersoal de aproximadamente 1,5 metros.
- A empresa de limpeza facilitará equipos de protección individual. Estes serán adecuados ás actividades e traballos a desenvolver. É necesario que conte con aprovisionamento suficiente de **material de protección**, especialmente luvas e máscaras, para o persoal de limpeza.
- No caso de que se utilicen máscaras autofiltrantes, estas non incluírán válvula de exhalación xa que neste caso o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención e favoreceríase a difusión do virus.
- En canto aos uniformes, a empresa de limpeza debe determinar, en función do tipo de uniforme, o tipo e frecuencia da limpeza a aplicar (lavado a >60°C ou desinfección).
- É necesario manter un aprovisionamento adecuado de **xabón**, solución hidroalcohólica e panos que se poidan desbotar. Manter un aprovisionamento suficiente do material de limpeza para poder acometer as tarefas de limpeza e desinfección reforzada a diario. Entre eles, lixivia ou virucidas autorizados polo Ministerio de Sanidad para a desinfección.
- O persoal da Universidade facilitará o traballo ao persoal de limpeza ao abandonar o seu posto, despexándoo o máximo posible.

LIMPEZA E DESINFECCIÓN DOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- As empresas de limpeza actualizarán o plan de limpeza e desinfección ao contexto COVID-19. Incluirá como mínimo:
 - O procedemento de limpeza e desinfección das diferentes zonas (corredores, aseos, ascensores, aulas, laboratorios, despachos, etc.)
 - O procedemento de limpeza e desinfección específica no caso da detección de persoas con sintomatoloxía específica da COVID-19 nas instalacións da Universidade de Vigo.
- Ventilar periodicamente as instalacións, abrindo portas e ventás, como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire.
- A limpeza e a desinfección serán adecuadas ás características e intensidade de uso das distintas estancias dos centros da Universidade de Vigo.

- Realizar a limpeza e desinfección a fondo utilizando desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) preparados no momento ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que están autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos respectaranse as indicacións das etiquetas ou das súas fichas de seguridade.
- Non pulverizar nin empregar sprays.
- Efectuar a limpeza empezando polas zonas menos sucias e rematando nas máis sucias.
- Despois de cada uso, limpa as baetas con auga e a continuación imprégnaas coa dilución de lixivia.
- **Todas as tarefas de limpeza e desinfección realizaranse con máscara e luvas.**
- É conveniente reforzar as tarefas de limpeza e desinfección, con especial incidencia nas **superficies que se tocan con máis frecuencia** como pomos de portas e ventás, varandas, chans, mesas, cadeiras e outros elementos de similares características. Para que a desinfección sexa efectiva, estas superficies primeiro lóvanse con auga e xabón e a continuación realízase a desinfección. Realízase como mínimo dúas veces ao día.
- Tamén se reforzarán as tarefas de limpeza e desinfección nas **zonas de uso común** como ordenadores, teléfonos, perchas, interruptores da luz, etc.
- Os **despachos** limpanse como mínimo unha vez ao día, prestando especial atención cando estean en uso así como aos despachos compartidos.
- Nos lugares de traballo compartidos por traballadores ou traballadoras que realizan diferentes quendas, **mostrador de préstamo das bibliotecas, conserxerías, etc.** realízanse a limpeza e a desinfección ao finalizar cada quenda.
- Nas **aulas**, a frecuencia de limpeza e desinfección virá marcada polo uso que se faga delas. As que só se utilicen pola mañá ou pola tarde limpanse e desinféctanse unha vez ao día. As que nun mesmo día se utilicen pola mañá e tamén pola tarde limpanse e desinféctanse mínimo dúas veces ao día, unha delas realízase ao remate das clases da mañá, antes do inicio das da tarde.
- Nas **bibliotecas**, a frecuencia de limpeza e desinfección virá marcada polo uso que se faga delas. En todo caso non será inferior a dúas veces ao día, unha das cales terase que realizar no cambio de quenda entre a mañá e a tarde. Esta limpeza e desinfección incluírá tanto os postos do persoal traballador como os dos usuarios da biblioteca.
- Nos **laboratorios** respectaranse as normas que se lle indiquen en cada un.
- Limpar as **papeleiras** de forma frecuente, polo menos unha vez ao día, e retirar a bolsa de cada vez (ver o apartado *Xestión de residuos*)
- Os **corredores** limpanse ao menos unha vez ao día, terase en conta a súa circulación.
- Os **ascensores** limpanse e desinféctanse ao menos dúas veces ao día.
- Reforzar a limpeza e desinfección nos **aseos** garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene. Proceder á limpeza dos aseos como mínimo tres veces ao día. Procurar que o xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar estean sempre dispoñibles nos aseos.
- A frecuencia de limpeza e desinfección dos **vestiarios** virá marcada polo uso que se faga deles. Como mínimo realízase unha vez ao día.
- As **taquillas** limpanse e desinféctanse unha vez ao día.
- As **salas COVID** dos Centros limpanse unha vez utilizadas. Extraerase a bolsa de plástico do cubo onde se depositaron os papeis ou toallas utilizadas e introducírase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche depositándose a continuación no contedor coa fracción resto. Seguidamente farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona. O persoal que realice esta limpeza estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a limpeza.

XESTIÓN DE RESIDUOS

- A xestión de residuos ordinarios continuará realizándose do modo habitual.
- Todo o material de hixiene persoal, máscaras, luvas etc., depositarase na fracción resto.
- As papeleiras limpanse de forma frecuente ao menos unha vez ao día. Todas terán unha bolsa para o lixo que se retirará pechada. Nunca fagas transvasamentos dunha bolsa a outra.
- No caso de que alguén presente síntomas, será necesario retirar a papeleira onde se depositaron os panos ou outros produtos usados por esa persoa ata que estea limpa e desinfectada. A bolsa de lixo introducirase en outra con peche e depositarase no contedor coa fracción resto.

ANEXO IV
MANUAL DE ACTUACIÓN DO PERSOAL DOS LABORATORIOS
DE INVESTIGACIÓN. VOLTA AO TRABALLO

INTRODUCCIÓN

A pandemia de COVID-19 está supoñendo unha emerxencia sanitaria no mundo, que fai que para a contención da progresión da enfermidade sexa necesaria tanto a limitación temporal da libre circulación como o confinamento do persoal nos seus fogares.

Co inicio da reincorporación presencial do persoal, que se levará a cabo seguindo as indicacións no *"Protocolo que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte á Covid-19"*, redactouse este manual de actuación.

O obxectivo deste manual é informar ao persoal dos laboratorios de investigación, das medidas preventivas a aplicar con respecto ao virus SARS-CoV-2 para garantir a súa seguridade e saúde, seguindo sempre os procedementos e recomendacións dadas polas autoridades sanitarias.

QUE É O NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2?

Os coronavirus son unha familia de virus que normalmente afectan só a animais, aínda que en ocasións poden transmitirse ás persoas.

O SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar ás persoas e que produce a enfermidade chamada COVID-19.

CÓMO SE TRANSMITE O NOVO CORONAVIRUS SARS-CoV-2?

A transmisión prodúcese por contacto estreito coas secrecións respiratorias que se xeran coa tose ou o co esbirro dunha persoa enferma.

Estas secrecións poderían infectar a outra persoa se entrasen en contacto co seu nariz, os seus ollos ou a súa boca.

É pouco probable a transmisión polo aire a distancias maiores de dous metros.

O período de incubación pode variar entre 2 e 14 días.

CALES SON OS SÍNTOMAS DA ENFERMIDADE COVID-19?

Os síntomas máis comúns inclúen malestar xeral, febre ($>37^{\circ}\text{C}$), tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén poden aparecer síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal. A maioría dos casos presentan sintomatoloxía leve.

Nos casos máis graves, a infección pode causar pneumonía, dificultade respiratoria importante, fallo renal e mesmo a morte.

QUE É UN CONTACTO ESTREITO?

- Calquera persoa que proporcionase coidados a unha persoa con infección por SARS-CoV-2 ou con sospeita de infección.
- Conviventes, familiares e persoas que mantivesen unha relación próxima (distancia menor de dous metros e polo menos durante 15 minutos) cun caso positivo de COVID-19 ou sospeitoso de selo.

QUE SON OS GRUPOS VULNERABLES PARA COVID-19?

O Ministerio de Sanidad define como grupos vulnerables para COVID-19 as persoas con enfermidade cardiovascular, incluída a hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro na fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade (IMC>30), embarazo e maiores de 60 anos.

Para que se poida levar a cabo a valoración por parte da Área de Vixilancia da Saúde, é necesario seguir os pasos que se indican no Procedemento de Valoración de Grupos Vulnerables da Universidade de Vigo.

https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/docs/universidade/administracion/sprl/normativa/vulnerables_proced_covid_gl.pdf

QUE FACER NO CASO DE PRESENTAR SINTOMAS COMPATIBLES CO COVID-19?

No caso de que o/a traballador/a que realiza traballo presencial presente síntomas compatibles cunha infección respiratoria aguda, se lle proporcionará unha máscara cirúrxica e se retirará da súa actividade, permanecerá illado/a no seu domicilio e terase que poñer en contacto co seu médico ou co teléfono de atención ao COVID-19 (900400116). O/A responsable avisará ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais. O médico da Área de Vixilancia de Saúde fará o seguimento dos contactos estreitos e tramitará a IT.

A bolsa de lixo na que se depositaron panos u outros produtos contaminados se introducirá nunha segunda bolsa con peche para a súa retirada ao contedor.

RISCO DE EXPOSICIÓN NOS POSTOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Segundo a avaliación de risco de exposición específica que realizou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais establecece que, todos os postos da Universidade de Vigo encádranse dentro do escenario de baixa probabilidade de exposición (*táboa 1 "Escenarios de riesgo de exposición al coronavirus SARS-CoV-2 en el entorno laboral"* publicada polo Ministerio de Sanidad o 14 de xullo de 2020) .

UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE TRANSPORTE PROPIEDAD DA UNIVERSIDADE**PRINCIPIOS XERAIS**

1. Uso obrigatorio de máscara para os usuarios e para o condutor.
2. Ao entrar nos vehículos ou no autobús, esperar nunha fila respectando a distancia de seguridade. Antes de entrar, esperar a que a persoa que entrou diante de ti estea sentada.
3. No interior dos vehículos ou do autobús, procurar non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
4. Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos, etc.
5. Ao inicio e ao final da viaxe, utilizar o dispensador de preparación alcohólica para desinfectar as mans.
6. Ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos, seguindo as indicacións do anexo II

AUTOBÚS

Recoméndase as persoas usuarias seguir as medidas que se indican a continuación:

- Nas paradas gardar a distancia de seguridade, mínimo de 1,5 metros
- Seguir sempre as indicacións do técnico especialista de transporte e distribución (condutor) ou dos carteis informativos.
- Ir directamente ao asento sen andar polo autobús nin para saudar nin para falar.

VEHÍCULOS DE ATA NOVE PRAZAS

Nos vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, recoméndase ás persoas usuarias seguir as medidas que se indican a continuación:

- Poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.
- Será obrigatorio o uso de máscara.

EMBARCACIÓNS

Nas embarcacións limitarase o número de persoas usuarias (persoal investigador/persoal técnico) de forma que se poida garantir a distancia de seguridade. De ser posible, disporanse dispensadores de preparación alcohólica, papel ou toallas que se desbotarán, e papeleira con bolsa de lixo e tapa accionada con pedal.

ACCESO AOS CENTROS DE TRABALO E ÁS ZONAS COMÚNS**PRINCIPIOS XERAIS**


1. Se presentas calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de garganta, dor muscular, dor de peito ou cansazo xeneralizado) que puidese estar asociada co COVID-19 non debes acudir ao traballo. Contacta co teu centro de atención primaria o co teléfono de atención ao COVID-19 (900400116). Comunica o teu estado de saúde á persoa encargada dos aspectos COVID-19 do teu centro de traballo. Non debes acudir ao teu posto de traballo ata que che confirmen que non hai risco para ti ou para os demais.
2. Se durante a actividade na universidade presentas síntomas que puideran estar asociados ca COVID-19, avisa á persoa encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19 do centro.
3. Dálle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 1,5 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.
4. Ao acceder ao centro de traballo, lava as mans con auga e xabón durante 40-60 segundos seguindo as indicacións do anexo I. Fai o mesmo ao rematar o traballo. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.
5. Usar máscara en todo momento. O seu uso será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
6. Evita o saúdo con contacto físico, incluído dar a man.

PORTAS

- Respecta a sinalización das portas. Sempre que estean habilitadas portas de entrada independentes das de saída respéctaaas para evitar cruces de persoas.
- No caso de emerxencia, utiliza para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.
- Sempre que se poida, mantén as portas abertas evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

CORREDORES E ESCALEIRAS

- Respecta os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das dimensións destes:
 - A. En corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos. Se están sinalizados os sentidos sigue as indicacións, en caso contrario circula sempre pola dereita.



- B. En corredores e escaleiras onde o ancho NON permita manter a distancia de seguridade, poden darse dúas situacións:
 - Se hai vías alternativas para o mesmo percorrido, unha será de ida e outra de volta e estará sinalizado o sentido único en cada unha delas.
 - Se non hai vías alternativas para o mesmo percorrido, sigue a sinalización respectando o sentido que ten preferencia.
- Non manteñas conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito para evitar aglomeracións.
 - Nas bancadas dos corredores, ocupa os asentos de maneira que quede sempre baleiro o asento contiguo para gardar a separación de calquera outra persoa.



ACCESO AOS CENTROS DE TRABAJO E ÁS ZONAS COMÚNS**ASCENSORES**

- Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas. Procura utilizar as escaleiras sempre que sexa posible.
- Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será do 50% da súa capacidade e será obrigatorio o uso da máscara por parte das persoas ocupantes aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 7 do apartado “Principios xerais”. Nestes casos a persoa que non poida usar a máscara utilizará o ascensor soa.
- Para accionar a porta e os botóns do ascensor usa a man non dominante.

ASEOS

- Evitar no posible tocar calquera superficie. Lava coidadosamente as mans cada vez que fagas uso dos aseos. A descarga da cisterna faina coa tapa baixada.
- Os aseos contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa accionada por pedal. Evita no posible tocar calquera superficie.
- A ocupación máxima dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, nese caso tamén se permitirá a utilización pola persoa acompañante. O aforo máximo estará indicado na entrada dos aseos.

ZONAS DE DESCANSO

- Establecer quendas para acceder de forma gradual ás zonas habilitadas para descanso e sempre respectando a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros.
- Non compartas comidas, bebidas, vasos, botellas ou cubertos.
- Non utilices equipos comúns como fornos, microondas, neveiras, etc.
- Lava as mans ao chegar e ao saír.

MÁQUINAS EXPENDEDORAS E FOTOCOPIADORAS

- Ao remate do seu uso, as persoas usuarias limparán as superficies de contacto; para isto utilizarase papel ou toallas que se poidan desbotar e preparacións alcohólicas.
- Para accionar os botóns destas máquinas emprega a man non dominante.

PRINCIPIOS XERAIS

1. Vela que non se exceda o aforo máximo que permita garantir o distanciamento social e establece a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros, entre o persoal dos laboratorios. Cando sexa necesario, para garantir a distancia de seguridade entre o persoal do laboratorio, establece quendas.
2. Evita compartir material de laboratorio como pinzas, espátulas, u outro material como bolígrafos, lapis, carpetas. Para isto cada quen terá o seu material diferenciado.
3. No caso do material de uso común como teléfonos, pomos das portas, chaves da luz, etc., límpaos antes e inmediatamente despois do seu uso seguindo as instrucións do punto 6: "Limpeza, desinfección e corentena do material".
4. Nas tarefas que teñan que ser realizadas por máis dunha persoa garda a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros sempre que sexa posible.
5. Material de protección. Como norma xeral dispón do seguinte material de protección:
 - Máscaras hixiénicas (UNE 0064-1-2) ou (UNE 0065).
 - Máscaras cirúrxicas (EN 14683) para utilizar no caso de que alguén presente síntomas compatibles ca COVID-19 ou estea incluído nalgún dos grupos vulnerables.
 - Opcionais as máscaras autofiltrantes FFP2 sen válvula de exhalación xa que o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención.
 - Luvas só para casos excepcionais

Recorda que o uso das máscaras é obrigatorio aínda que se poida gardar a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

6. Limpeza, desinfección e corentena do material.

- **Limpeza e desinfección** mediante desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad. Aplica o desinfectante utilizando panos ou toallas que serán desbotados, ao rematar a limpeza, nun cubo con tapa accionada por un pedal. Utiliza luvas que se desbotarán unha vez finalizada a tarefa.

Os equipos ou o material que non se poden limpar con solucións desinfectantes límpaos con vapor u outros métodos de desinfección (se é posible pregunta ao fabricante). Emprega sempre procedementos e produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono. Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies.

- **Posta en corentena** do material que polas súas características non permita a desinfección. Disporase dunha bolsa de plástico con mecanismo de peche ou dunha caixa onde a persoa usuaria introducirá o material prestado, que se colocará en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores. Utilizar luvas para esta operación que se desbotarán unha vez finalizada a tarefa. O tempo de corentena dependerá da permanencia do SARS-CoV-2 viable nas superficies. Segundo o Ministerio de Sanidad obtivéronse os seguintes resultados:

MATERIAL	TEMPO	MATERIAL	TEMPO
Cobre	4 horas	Papel	3 horas
Cartón	24 horas	Madeira, vidro	1 a 2 días
Aceiro inoxidable, plástico	Máis de 4 días	Roupa	1 a 2 días

PRINCIPIOS XERAIS

7. Hixiene.

As recomendacións hixiénicas para reducir o risco de contaxio son:

- Lava as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos, especialmente ao inicio e ao fin das actividades en instalacións de uso compartido. Así mesmo, antes e despois dos descansos e antes e despois do uso de equipos e ferramentas. Ver anexo I de “Lavado de mans”. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Utiliza preparacións alcohólicas para a desinfección das mans. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.
- Evita tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
- No caso de tusir e/ou esburrar, tápate cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utiliza a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evita o contacto físico nos saúdos. Manter distanciamento físico de a lo menos de 1,5 metros
- O uso da máscara será obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. A obrigatoriedade non será aplicable nos seguintes casos:
 - a. Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso de máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia non dispoñan de autonomía para quitar a máscara ou ben presenten alteracións de conducta que fagan inviable a súa utilización.
 - b. No caso de actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento, exclusivamente durante a realización das ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para a dita instalación.
 - c. En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

Nestes casos será necesario adoptar medidas organizativas ou de protección como respectar sempre a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros, usar pantalla facial, etc..

TAREFAS MÁIS FRECUENTES NOS LABORATORIOS DE INVESTIGACIÓN**ATENCIÓN ÁS PERSOAS USUARIAS**

- Limitar o aforo máximo permitido mediante sinalización.
- No caso de ter que acompañar á persoa usuaria, garda a distancia de seguridade sempre que sexa posible.
- Impide o acceso ao interior do laboratorio ás persoas alleas ao mesmo.
- Cando sexa imprescindible a atención presencial por parte das persoas usuarias, atenderase previa cita e nun lugar establecido para este fin que se desinfectará unha vez rematada a consulta.
- Informa claramente as persoas usuarias sobre as medidas organizativas e sobre a súa obrigaón de cooperar no seu cumprimento.

Recepción de mostras

- Habilita unha caixa para que as persoas usuarias depositen o material evitando así o contacto coa persoa usuaria. Desinfecta todo o material antes da súa manipulación agás aqueles que polas súas características non o permitan, nestes casos porase dito material en corentena seguindo as indicacións do punto 6 do apartado de “principios xerais”.
- Lava as mans antes e despois de manipular as mostras. Sigue as indicacións do anexo I.

Análises de mostras mediante autoservicio

Os laboratorios con autoservicio deberán seguir estas recomendacións:

- Cada laboratorio establecerá o seu procedemento no que indique claramente o seu funcionamento, tendo en conta as medidas de seguridade establecidas polo Ministerio de Sanidad.
- Potenciar a atención ás persoas usuarias por vía telefónica ou electrónica deixando o contacto presencial para cando sexa estritamente necesario.
- Sempre que sexa posible, será o persoal do laboratorio o que analice as mostras para evitar a utilización dos equipos por persoas usuarias, evitando tamén o contacto coas mesmas.
- Cando sexa imprescindible a atención presencial, atenderase previa cita e nun lugar establecido para este fin que se desinfectará unha vez rematada a atención.

UTILIZACIÓN DE EQUIPOS E MATERIAL POR PARTE DO PERSOAL DO LABORATORIO

- Evita no posible compartir equipos e material de laboratorio.
- Os equipos como microscopios, lupas etc. ao rematar a súa utilización limpanse e desinfectaranse.
- Desinfecta todo o material unha vez finalizado o seu uso. Utiliza desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad. Usar luvas que se desbotarán. Punto 6 do apartado “principios xerais”.
- Os equipos ou o material que non se poden limpar con solucións desinfectantes límpase con vapor u outros métodos de desinfección. Se é posible consulta ao provedor.
- Como norma xeral se recomenda o lavado de mans, ao menos unha vez cada hora, antes e despois de poñer as luvas e as máscaras, e á entrada e á saída do laboratorio. Sigue as indicacións do anexo I.
- Nas tarefas compartidas nas que non sexa posible manter a distancia de seguridade, extremarase a hixiene persoal sobre todo das mans antes e ao finalizar a mesma.

TRASLADO DE MOSTRAS OU MATERIAL VOLUMINOSO OU PESADO

- Cando a manipulación a realice unha soa persoa con axudas mecánicas, utilizar luvas que se desbotarán unha vez finalizado a operación.
- Cando a manipulación se realiza por máis dunha persoa e non se poida gardar a distancia de seguridade, extremarase a hixiene persoal sobre todo das mans antes e ao finalizar a mesma.

ANEXO I

LAVADO DE MANS

1. Molla as mans con auga	2. Deposita xabón suficiente na palma da man
	
3. Frega as palmas das mans	4. Frega a palma dunha man contra o dorso da outra entrelazando os dedos
	
5. Frega as palmas das mans entre si cos dedos entrelazados	6. Frega o dorso dos dedos dunha man coa palma da oposta; realizar en ambas as mans
	
7. Cun movemento de rotación, frega o polgar atrapándoo coa palma da outra man	8. Frega as xemas dos dedos dunha man coa palma da outra con movementos de rotación
	
9. Enxauga as mans con auga	10. Seca cunha toalla que se poida desbotar
	
11. Utiliza a toalla para pechar a billa	12. Este proceso debe durar entre 40 e 60 s
	

ANEXO II


USO CORRECTO DAS LUVAS

PONER AS LUVAS

1. Lava as mans



2. Saca unha luva da caixa




3. Trata de tocar só a superficie da luva correspondente ao pulso



4. Pon a primeira luva



5. Saca a segunda luva tratando de tocar só a superficie correspondente ao pulso




6. Evita tocar a pel do antebrazo coa man con luva, para iso suxeita a superficie externa da luva cos dedos dobrados




QUITAR AS LUVAS

1. Belisca o exterior da primeira luva e retíraa sen tocar a súa parte interior do mesmo; mantena na man con luva



2. Retira a segunda luva introducindo os dedos polo interior e sen tocar a súa parte externa



3. Quita a luva enrolándoa fóra da man e dobrándoa dentro da primeira luva



4. Refuga as luvas usadas



5. Lava as mans



ADVERTENCIA



Todo o que toques coas luvas, se estas están contaminadas, vaíse contaminar, polo que non debes tocar a cara coas luvas.

ANEXO III


USO CORRECTO DE MÁSCARAS

POÑER A MÁSCARA

1. Lava as mans



2. Toma a máscara pola parte dianteira, deixando que as cintas de suxeición colguen



3. Pona sobre a cara e pasa as gomas pola cabeza; debes colocar unha goma por encima das orellas e a outra por debaixo



4. Axusta os bordos da máscara ao contorno da túa cara



5. Pon as xemas de dous dedos de ambas mans no clip nasal e moldéao adaptándoo ao nariz



6. Cubre a parte frontal da máscara con ambas mans e exhala con forza para comprobar si hai fuga de aire. Se hai fuga volve a axustala



QUITAR A MÁSCARA

1. A máscara é a última protección que debes retirar.



2. Retira a máscara sen tocar a parte dianteira contaminada.



3. Lava as mans.



ADVERTENCIA

